



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

ESTATUTOS ADAPTADOS A LEI 1/2002

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANDRÉS DE ZARRACÓS

PARROQUIA DE SAN ANDRÉS DE ZARRACÓS

MUNICIPIO DE A MERCA

PROVINCIA DE OURENSE

SUMARIO

CAPÍTULO 1: DENOMINACIÓN, PERSONALIDADE, ÁMBITO, DOMICILIO SOCIAL, FINS DA ASOCIACIÓN, DURANCIÓN E ACTIVIDADES.

CAPÍTULO 2: SOCIOS (CLASES, DEREITOS E DEBERES, ADMISIÓN E PERDA DE CALIDADE DESTA, PATRIMONIO E SANCIÓN).

CAPÍTULO 3: ÓRGANOS DIRECTIVOS DA ASOCIACIÓN (COMPOSICIÓN DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN, CONVOCATORIAS, CRITERIOS, DURACIÓN, CESE, REPRESENTACIÓN, FUNCIONS E PECHE).

CAPÍTULO 4: PATRIMONIO E RECURSOS

CAPÍTULO 5: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN.



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

CAPÍTULO 1

ARTIGO 1

Pretende dar cumprimento ó disposto na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 1/2002, reúnese a Asociación de San Andres de Zarracós, termo municipal de A Merca, na Provincia de Ourense, para facer as correccións necesarias.

ARTIGO 2

O ámbito territorial da Asociación, abarcará a Parroquia de San Andrés de Zarracós.

ARTIGO 3

O domicilio social da Asociación está fixado por baixo do palco da música, Rúa Outeiro S/N, como ven sendo habitual. As notificacións, convocatorias, publicacións e outras notas de interese, expoñeranse coa antelación suficiente na sede da Asociación, podendo utilizar outros lugares de concorrencia ou establecemento público, para a súa maior difusión.

ARTIGO 4

Son fins da Asociación o estudo e a defensa dos intereses xerais dos asociados sobre problemas da parroquia.

ARTIGO 5

Para o cumprimento destes fins, a Asociación promoverá e organizará as actividades que se relacionan a continuación, aténdose á lexislación vixente:

- ✓ Colaboración para a resolución de tódolos problemas que afectan a parroquia, tales como urbanismo, servizo de auga, rede de sumidoiros, rúas e vías de comunicación, recollida de lixo, transportes, protección de zonas verdes e contornos, medio ambiente e outros servizos, así como calquera tipo de proxecto , que dalgunha maneira poida afectar a dita Asociación, e por propia iniciativa, nos sexan de competencia da mesma ou afecten directamente a intereses comúns dos seus membros, sen invadí-las atribucións das autoridades municipais e organismos oficiais, e solicitando cantas autorizacións e permisos sexan necesarios en cada caso.
- ✓ Actividades sociais e benéficas, artísticas e culturais , para a realización da mesma habilitará as seguintes áreas.:
 - SOCIAL.- Que atenderá a tódolos aspectos de índole social, promovendo e creando aqueles que poidan ter específico interese xeral
 - CULTURAL.- Para promoción de actividades artísticas e culturais (representacións, proxeccións, conferencias, cursiños,etc...)
 - RECRETATIVA .- Para o desenrolo de actividades de tipo recreativo, popular e deportivo.

ARTIGO 6

A duración da Asociación é por tempo indefinido, salvo disolución acordada na forma prevista por estes estatutos, constituíndose sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica, capacidade e competencia para o cumprimento dos seus fins e realización de actividades contempladas nestes, de acordo coa preinscripción das leis.



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

CAPÍTULO 2

ARTIGO 7

Disposicións dos asociados, ó solicitar o seu ingreso na Asociación, aceptan integramente o disposto nestes estatutos, así como os regulamentos e demais disposicións que no seu desenrolo se dicten.

ARTIGO 8

A Asociación estará constituída polos seguintes membros

1. Membros de Honor
2. Membros Activos
3. Socios de Número

ARTIGO 9

Serán membros de Honor, as persoas que considere oportuno designa-la Asociación en Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, como recoñecemento ós servicios prestados á parroquia.

ARTIGO 10

Todo aquel que pretenda adquiri-la condición de socio activo (colaborador nas tarefas da Xunta Directiva) deberá:

Ser maior de idade e ter plena capacidade de obrar.

Reunir as seguintes condicións: Sentirse identificado coa zona.

Solicitala pertinente solicitude de ingreso facendo constar nome e apelidos, idade , domicilio e DNI.

ARTIGO 11

Para ingresar como socio de número será preciso solicitalo por escrito a Xunta Directiva, facendo constar: nome,apelidos,idade, domicilio e DNI.

ARTIGO 12

É competencia a responsabilidade da Xunta Directiva a admisión dos socios.

ARTIGO 13

Non será excluínte para formar parte da Asociación, o sexo, estado civil, conviccións políticas ou relixiosas, ou calquera outra discriminatoria.

ARTIGO 14

Ningún asociado ou Directivo, tratará de usala Asociación para finalidades políticas de carácter partidista ou persoal.

ARTIGO 15

Son dereitos dos socios:

- ✓ Asistir e participar con voz e voto nas Asembleas Xerais.
- ✓ Estar informado da marcha da Asociación e das súas actividades.
- ✓ Ser elector e elixible para formación da Xunta Directiva da Asociación.



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

- ✓ Usa-los servicios da Asociación.
- ✓ Ser apoiado pola Asociación nos seus dereitos, como tales socios.
- ✓ Presentar cantas propostas sexan de interese á Xunta Directiva, e recurrir contra sancións que lle sexan impostas.
- ✓ Examina-los libros de Actas e contas da Asociación solicitandoos sempre , con oito días de antelación, a data de celebración dunha Asemblea Xeral.
- ✓ Posibilidade dunha moción de censura.
- ✓ Calquera outro dereito que implique o perfeccionamento da Asociación.

ARTIGO 16

Son obrigación dos socios activos:

- ✓ Cumpri-la normativa dos presentes estatutos, e as que sexan establecidas como normas, pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva, coa ratificación da citada Asemblea Xeral, con caracter xeral para tódolos asociados.
- ✓ Aportar tódolos informes que a Asociación lle solicite, en defensa dos dereitos dos asociados, referente a materias que non sexan reservadas legalmente.
- ✓ Apoiar e defende-los intereses da Parroquia en calquera tema presentado pola Asemblea Xeral.

ARTIGO 17

Perderase a condición de socio activo ou socio de número, e polo tanto a condición de socio por:

- ✓ Por solicitude de baixa voluntaria.
- ✓ Por falecemento do interesado.
- ✓ Por falta de pago nas cotas.
- ✓ Por decisión da Xunta Directiva coa ratificación da Asemblea Xeral.

ARTIGO 18

A baixa dos socios da Asociación, será acordada pola Xunta Directiva.

ARTIGO 19

O socio dado de baixa , poderá recurrir,perante a Asemblea Xeral, no prazo dun mes, a partir da data da notificación da súa exclusión, e terá tódolos recursos legais.



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

CAPÍTULO 3

ARTIGO 20

A dirección, administración e xestión da Asociación estará encomendada a :

- ✓ A Asemblea Xeral de membros activos e socios, órgano supremo.
- ✓ A Xunta Directiva

ARTIGO 21

A Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, deberá ser convocada con sete días de antelación a data da súa celebración, por medio do anuncio nos medios que se xulgen convenientes. Na convocatoria figurará: a orde do día dos asuntos a tratar, facéndose constar, que a Asemblea reunirse en segunda convocatoria, media hora máis tarde da fixada para a primeira convocatoria.

ARTIGO 22

A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación e estará integrada por tódolos socios. Reunirse en sesión ordinaria e en sesión extraordinaria, sendo os seus acordos obrigatorios para tódolos socios.

ARTIGO 23

A Asemblea Xeral reunirse en sesión ordinaria como mínimo unha vez ó ano. Os acordos, tanto en primeira convocatoria como en segunda, adoptaranse por maioría en reunión convocada segundo os presentes Estatutos, sendo necesaria en primeira convocatoria a asistencia, como mínimo, da metade máis un dos socios, e en segunda convocatoria poderá celebrarse a sesión, calquera que sexa o número de asistentes.

ARTIGO 24

A Asemblea Xeral reunida en sesión Extraordinaria é competente para deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

1. Disolución da Asociación.
2. Modificación de Estatutos.
3. Nomeamento da Xunta Directiva.
4. Disposición e aliñación de bens
5. Solicitude de declaración pública.
6. Constitución de federacións integracións con elas.
7. Fixa-las directrices xerais de actuación social e os proxectos anuais.

Os seus acordos, tanto en primeira como en segunda convocatoria, adoptaranse, co voto favorable da dúas terceiras partes dos socios presentes.

A convocatoria farase na mesma forma que para as sesión ordinarias.

A Asemblea Xeral, en sesión extraordinaria, quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando o número de socios alcance como mínimo, a metade máis un da totalidade dos socios, e en segunda poderá celebrarse a sesión, calquera que sexa o número de asistentes.

ARTIGO 25



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

A Asemblea Xeral reunirase en sesión extraordinaria, cando o acorde a Xunta Directiva ou o solicite como mínimo o 10% dos socios. Esta petición deberá realizarse, por comunicación escrita dirixida ó presidente da Asociación, coa sinatura dos socios peticionarios. Neste caso a convocatoria deberá realizarse, dentro dos 25 días seguintes de ser recibida a petición

A Asemblea Xeral extraordinaria, debe ser convocada, para tratar de un ou máis temas concretos, que deberán constar na orde do día, sen que poidan tratarse outros temas alleos ós que na mesma figuren.

ARTIGO 26

Cada socio ten dereito, a emitir un voto, por cada cuestión que se someta a votación. Non será válido o emitido dun socio ausente.

ARTIGO 27

A Xunta Directiva componse de doce, ou máis, socios nomeados pola Asemblea Xeral, distribuíndose nos seguintes cargos: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e oito, ou máis vocais.

ARTIGO 28

É compatible o cargo de presidente, vicepresidente, secretario ou tesoureiro na Asociación, con calquera cargo político ou responsable dos partidos políticos, municipal ou provincial, e organización ou agrupación sindical sempre e cando non se utilice para outros fins que non sexan expresamente os propios da Asociación, de no facelo así, a Xunta Directiva a proposta dos seus membros, pode votar a súa permanencia ou non, como cargo dentro da Asociación, sendo suficiente a metade dos votos máis un , e en caso de empate, decide o voto do Presidente.

ARTIGO 29

A elección de Presidente e resto de membros da Xunta Directiva, realizarase na Asemblea Xeral polos propios socios, entre todos os propostos, serán elixidos aqueles que teñan máis votos. No caso da elección de membros da Xunta Directiva, en prazo non previsto, o resto da Xunta Directiva, pode elixir, entre todos os voluntarios, despois de ser escoitados cas propostas que teñan que expoñer, o que consideren máis idóneo para o posto. Elección que será votada na próxima reunión da Asemblea Xeral, podendo ser ratificada ou non, en función do que se decida na Asemblea , obrando en consecucional.

ARTIGO 30

O Presidente representará legalmente á Asociación, e será responsable da marcha da mesma. Convocará e dirixirá as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva. Autorizará coa súa firma tódolos documentos, salvo os que delegue no Vicepresidente, e executará con este os acordos dos órganos citados.

ARTIGO 31

A duración dos cargos da Xunta Directiva será de tres anos, podendo ser reelixidos. Transcorrido o prazo marcado, informarase ós socios da situación presentada, abrindo listas para novos ingresos, se non hai voluntarios que desexen ingresar na Xunta Directiva, e os que foron elixidos no seu día, queren continuar cos cargos que desempeñan dentro da Asociación, en reunión da Asemblea Xeral, poderán ser ratificados para continuar outros tres anos.

ARTIGO 32

Nos casos de ausencia, enfermidade, dimisión ou no caso de vacante de calquera dos cargos da Xunta Directiva, serán substituídos según se explica:

No caso da elección dos cargos, en prazo non previsto, o resto da Xunta Directiva pode elixir, de entre todos os voluntarios, despois de ser escoitados cas propostas que teñan que expoñer, o que consideren máis idóneo para o posto. Elección que será votada na próxima reunión da Asemblea Xeral, podendo ser ratificada ou non, en función do que se decida na Asemblea, obrando en consecuencia.

ARTIGO 33



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

A Xunta Directiva reunirse unha vez cada dous meses como mínimo, os seus acordos adoptaranse por maioría, dirimíndose o empate co voto de calidade do Presidente. Non poderá celebrarse a reunión da Xunta Directiva, senón concorren a metade dos seus membros, entre eles o Presidente e o Vicepresidente.

ARTIGO 34

Tódolos acordos da Xunta Directiva, e da Asemblea Xeral, transcribíranse nun libro de Actas, ou en documento elaborado de maneira informática, que cos requisitos necesarios, levará o secretario baixo a súa responsabilidade. Igualmente, levará o Secretario, o libro de rexistro de socios, e a documentación da Asociación.

ARTIGO 35

A Xunta Directiva, corresponderanlle as funcións emanadas da Asemblea Xeral, e en xeral a seguintes:

1. Realizar tódolos actos que precisa, posta en marcha e desenvolvemento, das actividades da Asociación.
2. Representar oficialmente a Asociación en toda clase de actividades, de por sí, ou por persoa delegada para este fin.
3. Admitir ós novos socios, acepta-la baixa voluntaria e excluír, cautelosamente, ata a ratificación pola Asemblea Xeral, desa condición, ós que se fagan acredores diso.
4. Propoñe-los programas anuais de actuación.
5. Administra-los fondos e bens da Asociación, e render contas detalladas dos mesmos anualmente, ou cando o esixa a Asemblea Xeral.
6. Elevar a Asemblea Xeral tódalas propostas e resolucións reservadas a mesma, os presupostos anuais e contas
7. Coida-lo fiel cumprimento dos Estatutos.
8. Nomear seccións e comisións, para o cumprimento dos fins, e mellor desenvolvemento das actividades.
9. Todo o que requira a boa marcha da Asociación, e que non estean expresamente reservados a Asemblea Xeral, debendo dar conta dos seus acordos e actos na primeira reunión da Asemblea.

ARTIGO 36

O Presidente, personificará a autoridade suprema da Xunta Directiva e da Entidade. Calquera acto da Asociación, ou con ela relacionado, precisará o seu necesario refrendo, exercendo con plenas facultades a representación e firma da Asociación, en nome da que firmará documentos públicos e privados de calquera índole.

Corresponde tamén ó Presidente, convocar e presidir a Xunta Directiva, e delega-la súa representación na Entidade, coa amplitude que en dereito sexa requerida, en persoas físicas para os fins que procedan, especialmente en personificación da Asociación, ante toda clase de Autoridades, Tribunais organismos públicos e privados, etc, réxime a adoptar, cantas medidas considere necesarias con carácter de urxencia, para o mellor goberno, réxime, e mellor administración da sociedade, dando conta de doto isto a Xunta Directiva, na primeira reunión que se celebre, coidar do cumprimento dos Estatutos, e dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e sesións de ámbalas dúas, e cantos documentos emanen da Asociación, sexan públicos ou privados; autorizar co seu visto e praxe, dos documentos que se refiran á tesourería, ordenar cobros e pagos, e en xeral, todas aquelas funcións que se atribúan comunmente a Presidencia.

ARTIGO 37



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

Ó Vicepresidente correspóndelle-las funcións que lle atribúa o Presidente, no caso de que por ausencia o substitúa.

ARTIGO 38

O Secretario correspóndelle-la custodia dos libros, documentos e selos da Asociación, excepto o libro de contabilidade que será cousa do Tesoureiro, levar o día o rexistro de dos socios, anotando nel as altas e as baixas que se produzan, dando conta deles ó Tesoureiro, redacta-las actas das Asembleas Ordinarias e Extraordinarias e das reunións da Xunta Directiva, as que firmará o Presidente, librar certificacións con referencia ós libros e documentos da Asociación, en xeral, tódalas funcións atribuídas ó seu cargo.

ARTIGO 39

Da tesourería será misión, custodia-los fondos da Asociación, efectua-los cobros e pagos que o presidente lle ordene, gardando as facturas ata a próxima reunión da Asemblea Xeral, na que informará do estado de contas, si se aproba, poderase prescindir das mesmas, levará un control exhaustivo dos movementos de cobros e pagos, firma-los documentos de tesourería que deberán ser revisados polo Presidente; e en xeral cantas misións son atribuídas ó seu cargo, de conformidade co costume practica social, así coma o peche do exercicio presupostario, que será antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación, antes da reunión da Xunta Directiva.

ARTIGO 40

Os vocais corresponderalles practicar nas áreas ou comisións que a Xunta Directiva fixe, o control do local social durante as horas que se determine, co fin de velar pola orde interior, suplir ós demais membros da Xunta Directiva nos casos e forma previstos, dar conta ó Presidente, da súa xestión normal e votar asuntos que se debatan no seo da Xunta Directiva, en xeral, desempeñalas funcións que habitualmente son inherentes o seu cargo.



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

CAPÍTULO 4

ARTIGO 41

A Asociación de Veciños "San Andrés de Zarracós" da parroquia de San Andrés de Zarracós, carece de patrimonio funcional. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural.

ARTIGO 42

Para conseguí-los fins sociais sinalados, e o desenvolvemento das actividades, utilizará os recursos que obteña da recadación de cotas dos seus asociados, e das subvencións, auxilios, donativos e demais ingresos que llexitimamente obteña para os seus fins.

ARTIGO 43

A Asociación poderá adquirir e posuír toda clase de bens e dereitos, e deberá dedicalos exclusivamente ós fins sociais indicados, e ó cumprimento das obrigacións contraídas con tal obxecto.

ARTIGO 44

As liberdades que se conceden a esta Asociación terán os límites que marque a lei de Asociacións, salvo que obtería declaración de "Utilidade Pública".

ARTIGO 45

Para a extracción de fondos de Entidades Bancarias nas que a Asociación teña depositados fondos, serán precisas as firmas do Presidente, do Tesoureiro e do Secretario (mancomunadamente dous), coñecidas as mesmas nas entidades correspondentes.



Enderezo:
Rúa Outeiro S/N, 32.839
Zarracós - A Merca –Ourense

Teléfono: 988 26 37 02
Web: www.zarracos.org
Correo: info@zarracos.org

CAPÍTULO 5

ARTIGO 46

A Asociación poderá declararse disolata, por acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria, sendo necesario, o voto favorable das dúas terceiras partes dos socios presentes. Non se disolvera a Asociación mentres un mínimo do 25% dos socios, estean decidiso a continua-la vida da Asociación, nese caso sométese por escrito a soste economicamente a Asociación, facéndose cargo da totalidade das responsabilidades sociais da mesma.

ARTIGO 47

No caso de disolución da Asociación, a Asemblea Xeral que tomou dito acordo, nomerará unha comisión liquidadora para que practique a liquidación do pasivo da Asociación. O remanente que puidese existir, destinarase a fins sociais e benéficos de entidades socio culturais legalmente constituídas, segundo estime a referida comisión liquidadora.

ARTIGO 48

A Xunta Directiva, queda facultada, para interpreta-los presentes Estatutos, para resolver calquera cuestión non prevista neles, dando conta para a súa aprobación, a primeira Asemblea Xeral Extraordinaria que se celebre posteriormente.

ARTIGO 49

Esta Asociación está constituída baixo os obxectivos e fins marcados no artigo 4 deses Estatutos, non tendo, polo tanto, outra finalidade que xa este marcada.